



DECRETO 345/2016

D^a Maria Dolores Castiñeira Alen, nomeada Alcaldesa accidental polo Decreto 335/2016, e facendo uso das facultades confíreme o artigo 21 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local

VISTO: Que por Decreto de Alcaldía nº 216/2011 delegáronse na Xunta de Goberno Local as competencias da Alcaldía como órgano de contratación por importe superior a 50.000 euros.

VISTO: Acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xullo de 2016 adoptou por unanimidade dous seus membros inicio de procedemento de contratación das obras contempladas no proxecto denominado "Pavimentación de camiños en Soutelo e Entenza".

VISTO: Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de Agosto de 2016 polo que se procedeu a apertura dos sobres para a contratación por procedemento negociado sen publicidade das obras de pavimentación de camiños en Sotelo e Entenza correspondente o Plan Marco Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016.

E tendo en conta a necesidade de acelerar os trámites para lograr unha maior axilidade e celeridade na tramitación do procedemento de contratación na antedita Xunta de Goberno Local acordouse a avocación das competencias para este procedemento de contratación.

VISTO: O artº 14 da Lei 30/1992 segundo o cal, nos supostos de delegación de competencias en órganos non jerárquicamente dependentes, o coñecemento dun asunto poderá ser avocado unicamente polo órgano delegante, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar no expediente que se está tramitando para o efecto, a contratación das obras contempladas no proxecto denominado "Pavimentación de camiños en Soutelo e Entenza" as atribucións delegadas na Xunta de Goberno.

SEGUNDO.- Publicar o presente Decreto no Perfil de Contratante do Concello de para o seu xeral coñecemento.

Salceda de Caselas, 24 de Agosto de 2016.
A ALCALDESA ACCIDENTAL

M^a Dolores Castiñeira Alen

A SECRETARIA

Noemi Sirera Diéguez

